

**Notas sobre a formación da
"Alta Cultura" isabelina (1843-1868)
no seu contexto socio-literario.
A propósito de *Escritoras virtuosas:
narradoras de la domesticidad en la
España isabelina*, de Alda Blanco**

Íñigo Sánchez Llama

RESUMO Comeza o autor situando a obra *Escritoras virtuosas: narradoras de la domesticidad en la España isabelina* dentro dun amplo abano de títulos tendentes a recoñecer a importancia da produción literaria de autoras que escribiron durante o reinado de Isabel II e que, ata o momento presente, foran escasamente valoradas pola crítica. Íñigo Sánchez Llama achégase ao contido do libro antedito e matiza unha serie de afirmacións de Alda Blanco, entre as que cómpre destacar a consideración destas "escritoras isabelinas" como pioneiras do realismo decimonónico en España, así como a importancia da revolución gloriosa de 1868, que el considera fundamental.

ABSTRACT Sánchez Llama begins by locating *Escritoras...* among a number critical essays which have attempted to emphasize the importance of the literary works produced by female writers during the reign of Isabel II and which, until recently, have received scant attention. ISL reviews the book and explores a number of AB's statements, such as, for example, her opinion that these 'Isabeline' women writers were at the forefront of Spanish nineteenth-century realism, and her consideration of the importance of the 'Glorious Revolution' of 1868, which he considers fundamental.

A recente publicación da monografía de Alda Blanco, *Escritoras virtuosas: narradoras de la domesticidad en la España isabelina* (2001)¹, mostra o crecente interese do hispanismo pola complexa produción literaria escrita en España

¹ Granada: Universidad, 2001, 264 pp.

durante o reinado de Isabel II (1843-1868)². Os pioneiros estudos bibliográficos de María del Carmen Simón Palmer³ indican con precisión os vínculos existentes entre certa cultura impresa isabelina, de maneira especial, a prensa periódica, e a emerxente literatura española escrita por mulleres. Alicia Graciela Andreu e Bridget Aldaraca tamén propoñen, respectivamente, nos seus valiosos estudos, *Galdós y la literatura popular* (1982)⁴ e *El ángel del hogar: Galdós y la ideología de la domesticidad en España* (1992)⁵ cómo se acuñan en España dende a década de 1850 embrionarias nocións domésticas que han de ter especial relevancia na narrativa da Restauración (1874-1931). Lou Charnon-Deutsch documentou así mesmo precisas tipoloxías de certas nocións de xénero visíbeis na prensa periódica feminina da España decimonónica incluíndo na súa análise suxestivas valoracións sobre a contribución isabelina a este proceso socio-literario⁶.

¿En que medida se insire o estudio de Alda Blanco na crecente bibliografía isabelina?⁷ A autora vincula a literatura isabelina escrita por mulleres co xénero narrativo da “novela doméstica” (pp. 15, 36) e a simultánea aparición dun “público lector feminino que empezaba a diferenciarse do público lector masculino” (p. 14). Diversos capítulos de *Escritoras virtuosas* resaltan os vínculos desta produción literaria coa formación dunha axencia cultural burguesa durante as décadas de 1850-1870 (pp. 19-39), a proliferación de polémicas intelectuais en torno ao xénero novelístico (pp. 41-71) e a importancia do imperativo moral na práctica da escritura (pp. 73-104). A monografía inclúe

² Sobre o desenvolvemento da literatura isabelina escrita por mulleres véxase Íñigo Sánchez Llama, *Galería de escritoras isabelinas. La prensa periódica entre 1833 y 1895*, Madrid: Cátedra, 2000.

³ *Revistas femeninas madrileñas*, Madrid: Artes Gráficas Municipales, 1993 e “*Revistas femeninas del Siglo XIX*”, *Homenaje a Agustín Millares Carlo*, Madrid: Caja Insular de Ahorros de Gran Canaria, 1975, vol. 1, pp. 401-445.

⁴ Madrid: SGEL, 1982.

⁵ Madrid: Visor, 1992.

⁶ Lou Charnon-Deutsch, *Fictions of the Feminine in the Nineteenth-Century Spanish Press*, University Park, Pensilvania: The Pennsylvania State University Press, 2000.

⁷ Entre outros estudos sobre as escritoras isabelinas destacan: Alda Blanco, “The Moral Imperative for the Women Writers”, *Indiana Journal of Hispanic Literatures*, 2.1, outono de 1993, pp. 91-110; “Theorizing the Novel at Mid-Century”, *Revista de Estudios Hispánicos*, 34, 2000, pp. 423-432 e Íñigo Sánchez Llama, “María del Pilar Sinués Sinués de Marco (1835-1895) y la cultura oficial peninsular del siglo XIX: del neocatolicismo a la estética realista”, *Revista Canadiense de Estudios Hispánicos*, 23.2, inverno de 1999, pp. 271-288 e “Representaciones de la autoría intelectual femenina en las escritoras isabelinas del siglo XIX peninsular”, *Hispania*, 82.4, decembro de 1999, pp. 750-760.

tamén análises de certas novelas escritas por autoras isabelinas (pp. 105-152) e conclúe cun epílogo no que se formulan hipóteses de estudio para futuras investigacións da literatura isabelina (pp. 153-165). De especial interese tamén resultan os documentos incluídos no extenso apéndice de textos isabelinos producidos por figuras relevantes do período analizado (pp. 173-261).

Alda Blanco destaca entre o grupo de escritoras isabelinas as figuras de Ángela Grassi de Cuenca (1823-1883), Faustina Sáez de Melgar (1834-1895) e María del Pilar Sinués de Marco (1835-1893). As tres autoras son consideradas “hermanas menores” do grupo romántico da “hermandad lírica” (1835-1850)⁸ e unifícanse pola proximidade cronolóxica de ter nacido entre os anos de 1826-1837 (p. 75). Na perspectiva de Blanco indícase cómo as autoras isabelinas, a diferenza dos escritores folletinistas da súa xeración, escribiron novelas para publicación en volume (pp. 13-14). A súa produción literaria, a xuízo de Blanco, carece de mérito artístico no período isabelino polo sexismo académico que as forza a escribir dende as marxes do poder literario e as institucións culturais (p. 102). Inspirándose na noción postestructuralista de Michel Foucault (1926-1984) do “dobre movemento en forma de espiral”, Blanco destaca, non obstante, a inscrición da súa narrativa no imaxinario cultural isabelino (p. 85). A Revolución “Gloriosa” (1868) inicia en España, de todos os xeitos, o simultáneo escurecemento destas autoras e a implantación oficial da estética realista (masculina). Os efectos desa dramática mutación nas letras peninsulares son descritos por Alda Blanco nos seguintes termos:

Y es que el término “realismo” ha funcionado en la periodización de la historia de la novela española de modo descriptivo a la vez que evaluativo, y ha servido para devaluar, en algunos casos, y marginalizar, en otros, aquellas prácticas de escritura que caen fuera de su representación. En tanto que nos sigamos aferrando a una periodización normativa y a un paradigma de representación binómica o, por otra parte, a un concepto de la “literatura” que distingue entre lo que considera “alta” literatura [realismo] y las formas [isabelinas] populares (a las que se llama “infraliteratura” o “paraliteratura”) seremos incapaces de leer el campo literario de las décadas centrales del Siglo XIX como

⁸ Para unha convincente xustificación dese concepto literario, véxase Susan Kirkpatrick, *Las románticas. Escritoras y subjetividad en España, 1835-1850*, 1989, trad. Amaia Bárcena, Madrid: Cátedra, 1991.

un terreno en que se entrecruzan, dialogan y chocan modos de narrar (p. 35).

Grande interese presenta unha análise da literatura isabelina escrita por mulleres que enfatice a complexa inserción da súa obra narrativa no contexto cultural vixente en España dende a década de 1850 ata os inmediatos comezos da Restauración. A canonización da narrativa realista non constitúe un factor inocente na sexista marxinalidade imposta sobre a literatura isabelina escrita por mulleres durante o último tercio do século XIX. Entre outras consecuencias dese fenómeno estético, podemos destacar a actual e imperfecta periodización da literatura española oitocentista consagrada na historiografía académica. Non parece tampouco sustentarse conceptualmente o salto espectacular da tendencia romántica (1833-1849)⁹ cara a sensibilidades “realistas” a partir da década de 1870.

64

¿Que orixina este espectacular cambio de gusto estético e como inserir a literatura isabelina no ritmo histórico das letras peninsulares? Blanco destaca o influxo do “tropo de la ruptura de 1868” para enfatizar o fundamento artificioso, patriarcal e histórico no que se xustifican tales premisas. Nada pode obxectarse a rigorosas análises feministas que mostren a dimensión masculina palpábel na forxa de calquera “Alta Cultura” baixo condicionantes patriarcais. Consideramos, non obstante, oportuno establecer certas precisións socio-estéticas sobre os efectos do realismo nas letras peninsulares. O turbulento rumbo cara á secularización e a modernidade liberal iniciado en España dende 1833 encontra a súa verificación, imperfecta pero irreversible, tralo colapso da retrógrada monarquía isabelina en 1868. A Revolución “Gloriosa”, pese ás súas evidentes carencias ideolóxicas, insire a nación española nunha dinámica similar á experimentada por outros contextos occidentais.

A apertura intelectual visíbel na “opinión pública” inglesa dende 1750¹⁰ ou o importante avance liberal auspiciado en Francia pola Revolución de 1789

⁹ Para unha xustificación metodolóxica do marco histórico do romanticismo español (1833-1849), véxanse Ermanno Caldera, *El teatro español en la época romántica*, Madrid: Castalia, 2001, pp. 45-96; Leonardo Romero Tobar, *Panorama crítico del romanticismo español*, Madrid: Castalia, 1994, pp. 100-112 e Francisco Ruiz Ramón, *Historia del teatro español (desde sus orígenes hasta 1900)*, Madrid: Cátedra, 1981, pp 311-332.

¹⁰ Para unha xustificación conceptual e cronolóxica do concepto da “opinión pública”, véxase Jürgen Habermas, *Historia y crítica de la opinión pública*, 1962, trads. Antonio Domènech e Rafael Grasa, Barcelona: Gustavo Gili, 1981.

deben ser os referentes inmediatos para entender nos seus xustos termos a significación da “Gloriosa” na España postisabelina. A estética realista española comparte o cosmopolitismo secular dominante na literatura europea decimonónica. O evidente sexismo institucional do último tercio do século XIX, hostil á autoría intelectual feminina, termina favorecendo, non obstante, a paulatina integración da muller española na “opinión pública” liberal-progresista. Advertimos o mesmo proceso nos inicios da modernidade liberal europea (Francia, Inglaterra). Mary Wollstonecraft (1759-1797) ou Madame de Staël (1766-1817) desenvolven a súa potente conciencia feminista baixo contextos sexistas nos que se identifica o proxecto posrevolucionario co xénero masculino¹¹. Isto non impide, de todos modos, que ambas autoras reivindicquen para o xénero feminino idénticos dereitos aos que goza a poboación masculina. Tal dinámica só é factíbel en nacións expostas á secularización do liberalismo capitalista. Só a importantísima e fundamental Revolución “Gloriosa” permite alcanzar en España resultados similares. A produción ensaística e literaria de Concepción Arenal (1820-1893) ou Emilia Pardo Bazán (1852-1921) así nolo confirma. Sendo necesario entender a xénese isabelina na configuración da modernidade liberal parécenos, sen embargo, un tanto inxusto trivializar os efectos positivos dunha tendencia histórica que permite destruír na nación española anacrónicas ataduras co Antigo Réxime. A narrativa realista da Restauración, e a “Alta Cultura” neokantiana na que se inspira¹², significan, nin máis menos, un modelo estético de capital importancia para a superación de hábitos culturais desfasados no contexto europeo do século XIX. Insinuar as carencias metodolóxicas visíbeis no “tropo de la ruptura de 1868” envellece quizais a literatura española moderna e reduce a contribución literaria do noso país ás letras occidentais decimonónicas favorecendo, máis ben, inconscientes casticismos falsificadores da normalidade histórica de España durante o século XIX.

¿Como explicar entón a importante contribución das escritoras isabelinas ao ritmo histórico da literatura española moderna? As imprescindíbeis aproxi-

¹¹ Sobre os prexuízos sexistas posrevolucionarios, resultan de obrigada consulta Rita Felksi, *The Gender of Modernity*, Cambridge, Massachussets: Harvard University Press, 1995 e Joan W. Scott, *Only Paradoxes to Offer. French Feminists and the Right of Men*, Cambridge, Massachussets: Harvard University Press, 1996.

¹² Para unha recente análise do neokantismo español dende o decenio de 1870, véxase Toni Dorca, *Los albores de la crítica moderna en España: José del Perojo, Manuel de la Revilla y la “Revista Contemporánea”*, Valladolid: Universitas Castellae, 1998.

macións de José F. Montesinos (+1972) sobre a obra de Fernán Caballero (1796-1877) ofrecen pioneiras interpretacións do efecto do xénero sexual na literatura isabelina escrita por mulleres¹³. O contorno español sexista da súa época limita a produción literaria dun grupo de escritoras que propoñemos interpretar baixo o rótulo de “xeración de 1843” polo impacto determinante do reinado e “Alta Cultura” isabelinos na súa traxectoria intelectual. O feito de que o neocatolicismo dispoña dun status prestixioso na España de Isabel II xera unha lexitimidade cultural, o “canon isabelino”, non necesariamente hostil á autoría intelectual feminina se esta se subordina ás súas directrices estéticas.

66 A recente e lúcida interpretación de Toril Moi sobre a historicidade do xénero sexual no ámbito da cultura¹⁴ ofrécenos quizais unha alternativa metodolóxica máis satisfactoria en relación ao latente ahistoricismo foucaultiano do “dobre movemento en forma de espiral” articulado por Alda Blanco. O influo determinante do contexto socio-histórico na formación do xénero sexual pode orixinar certos espazos públicos para a muller occidental cando o respectivo discurso patriarcal necesita negociar as premisas sexistas nas que se fundamenta. Advertimos esta dinámica na España isabelina con respecto ao idealismo neocatólico de cuño lamartiniano. Orixinado en Francia e dirixido nese contexto laico a un público, na súa maior parte, feminino, o neocatolicismo español, sen embargo, convértese en “Alta Cultura” oficialista durante o reinado de Isabel II. De grande alcance é a importancia deste proxecto estético na “xeración de 1843” e a autoría intelectual feminina. Entre outros efectos inmediatos, pode destacarse a masculinización lexitimadora dos escritos didáctico-moralizantes. Irrefutábeis probas documentais desta complexa dinámica aprécianse no iluminador exemplo de travestismo literario rexistrado por Anxo Tarrío Varela en *El Iris del Bello Sexo* (2-V/20-VI-1841), publicación periódica galega na que se enmascaran discursos “reaccionarios e trasnoitados” mediante voces periodísticas supostamente femininas¹⁵. Outros exemplos

¹³ José F. Montesinos, *Fernán Caballero. Ensayo de justificación*. Berkeley e Os Ánxeles: University of California Press, 1961. Para unha brillante interpretación do potencial feminista visíbel na obra de Montesinos, véxase Susan Kirkpatrick, “On the Threshold of the Realist Novel. Gender and Genre in *La Gaviota*”, *PMLA*, 98, 1983, pp. 323-340.

¹⁴ Toril Moi, *What is a Woman and Other Essays*, Oxford e Nova York: Oxford University Press, 1999.

¹⁵ Anxo Tarrío Varela, “Un caso de travestismo (¿ideolóxico?) -literario en la Compostela de 1841: *El Iris del Bello Sexo*”, *Escritoras románticas españolas*, ed. Marina Mayoral, Madrid: Fundación Banco Exterior, 1990, pp. 105-118.

similares percíbense na tamén retrógrada revista madrileña, *Gobierno Representativo y Constitucional del Bello Sexo Español* (1841), os editoriais do cal censuran abertamente a secularización progresista auspiciada polo Rexente Baldomero Espartero (1840-1843)¹⁶.

A institucionalización do neocatolicismo lexítima certa visibilidade feminina se esta se insire nos criterios estéticos dominantes na época. Isto explica o verificábel prestixio que gozan as autoras isabelinas en tanto en canto a súa obra responda ás expectativas estéticas do neocatolicismo. Estas concretas e materiais circunstancias socio-literarias na forxa do xénero sexual e a “Alta Cultura” son modificadas dramaticamente a partir da revolución burguesa e secularizadora auspiciada en España dende 1868. O contexto cultural postisabelino renegocia tanto os discursos de xénero coma os valores definidores da “Alta Cultura” española. A canonización do neokantismo como estética oficial masculiniza modelos literarios non tendenciosos (v.gr. realismo) ao tempo que propugna unha domesticidade burguesa feminina na cal non cabe a previa lexitimidade pública da literatura escrita por mulleres favorecida polo patriarcado isabelino. Son as condicións históricas do patriarcado español decimonónico, por tanto, as que permiten a inserción das escritoras isabelinas no neocatolicismo durante vinticinco anos (1843-1868) ata a súa eliminación por conxunturas igualmente suxeitas ao historicismo do seu contexto. Mentres manteñen o seu prestixio literario as autoras isabelinas apelan a un “público familiar” no que non só se integra a poboación lectora feminina. Entre outros exemplos, poden destacarse os amplos contidos temáticos da revista dirixida por Faustina Sáez de Melgar, *La Violeta* (1862-1866), publicación na que se aprecia cómo, alomenos no plano da prensa periódica, os intereses literarios destas autoras aspiran a formar a sensibilidade dos homes e mulleres pertencentes á emerxente clase media xurdida durante o “Bienio Progresista” (1854-1856).

67

O status canónico da “xeración de 1843” permítenos ampliar o grupo de textos isabelinos comentados por Alda Blanco na súa interesante análise das polémicas ao redor da novela orixinadas durante os anos inmediatos á “Gloriosa”. Grande impacto institucional causaron o discurso académico do neocatólico Cándido Nocedal (1821-1885) e a réplica periodística de Juan

¹⁶ Para unha análise precisa da orientación editorial do *Gobierno Representativo e Constitucional do Belo Sexo Español*, véxase Inmaculada Jiménez Morell, *La prensa femenina en España (desde sus orígenes a 1868)*, Madrid: Ediciones de la Torre, 1992, pp. 43-46.

Valera (1824-1905) escritos en 1860 (pp. 62-71). Convén recordar, sen embargo, a condición marxinal de Juan Valera nas letras españolas ata a Revolución de 1868. A obra que o consagra oficialmente, a súa novela *Pepita Jiménez* (1874), publícase nun espacio histórico postisabelino. Valera desempeña na época isabelina importantes responsabilidades diplomáticas e escribe en prestixiosas publicacións periódicas. Só o colapso institucional do “canon isabelino” permite, non obstante, o seu triunfo como novelista na España oitocentista. O período isabelino, en cambio, contempla uns prestixios neocatólicos na “xeración de 1843” do que resalta a novela costumista de Fernán Caballero, rexistro narrativo curiosamente practicado polas canónicas, ata 1868, Ángela Grassi, Pilar Sinués e Faustina Sáez. Certo interese estético tería entón incorporar ás discusións do xénero novelesco os artigos de preceptiva e recensións escritas polas autoras neocatólicas, moi similares e simultáneos na cronoloxía histórica ao modelo artístico do neocatolicismo consagrado na Real Academia Española do período isabelino¹⁷. O seu status canónico e o “público familiar” ao que se dirixen concédelles unha importante posición literaria dende a que prescriben nocións de crítica literaria, reflicten o impacto da modernidade liberal en España e configuran un ambicioso proxecto no que se entrecruzan as nocións de “bo gusto”, “Alta Cultura” e xénero sexual.

68

Este complexo contexto socio-literario e o influxo reaccionario do neocatolicismo esixe tamén do estudioso matizar a presunta filiación burguesa na obra narrativa da “xeración de 1843” apuntada por Alda Blanco. Tanto os promotores do “canon isabelino” coma as figuras literarias afíns a ese modelo artístico —grupo social no que incluímos ás autoras neocatólicas— elaboran sistemáticas nostalxias dos antigos costumes prerrevolucionarios e idealizan o réxime estamental español previo a 1789. Ningún documento relevante do período isabelino nos indica a existencia dun proceso similar ao apreciábel nos manuais de conducta escritos pola inglesa Sarah Ellis (1812-1872) ou a norteamericana Catherine Esther Beecher (1800-1878). Ambas autoras anglosaxonas, nun contexto secularizado, opoñen a virtude da muller de clase media á depravación moral da dama aristocrática¹⁸. Habemos de esperar á ruptura

¹⁷ Para unha consulta de textos de preceptiva e crítica literaria escritos polas autoras isabelinas, véxase a selección incluída na *Antología de la prensa periódica isabelina escrita por mujeres, 1843-1894.*, ed. Íñigo Sánchez Llama, Cádiz: Universidad, 2001.

¹⁸ Para unha análise precisa da unión establecida no período oitocentista entre moralidade feminina e conciencia/subxectividade burguesa, véxanse Nancy Armstrong, *Deseo y ficción doméstica. Una historia política de la novela*, 1987, trad. María Coy, Madrid: Cátedra, 1991; Leonore Davidoff e

liberal-burguesa de 1868 para observar un discurso similar na perspectiva postisabelina de Concepción Gimeno de Flaquer (¿1852?-1919) ou Rosario de Acuña (1851-1923)¹⁹. A “xeración de 1843”, vinculada aos emerxentes grupos burgueses hispánicos, mantén, non obstante, actitudes ambivalentes cara á nobleza española e o Antigo Réxime. Sirvan de exemplo as críticas contra a inmoralidade antidoméstica (sic) da Inglaterra victoriana vertidas por Sinués en *El Ángel del Hogar* (1859), moi similares ás mantidas daquela polos principais intelectuais neocatólicos²⁰. A complexa modernización acaecida en 1854, sen embargo, xera unha inestabilidade económica na que resulta factíbel o descenso social da muller de clase media carente de apoios masculinos. Significativos artigos de Ángela Grassi, ironicamente a máis nostálgica e (ultra)conservadora figura da “xeración de 1843”, postulan unha educación feminina que permita o traballo remunerado de mulleres burguesas viúvas, orfas ou solteiras²¹. En tales discursos de xénero podemos verificar a imprescindíbel achega isabelina nos proxectos pedagóxicos que a partir de 1868 xustificarán a paulatina presenza da muller española de clase media no mercado laboral e a “opinión pública” secularizada²².

Necesarias precisións contextuais deben tamén efectuarse sobre o xénero literario e o rexistro editorial utilizado polas escritoras isabelinas. Os datos

Catherine Hall, *Fortunas familiares. Hombres y mujeres de la clase media inglesa, 1780-1850*, trad. Pepa Linares Madrid: Cátedra, 1994 e Roddey Reid, *Families in Jeopardy. Regulating the Social Body in France, 1750-1910*, Stanford, California: Stanford University Press, 1993.

¹⁹ Para unha análise da produción literaria destas autoras postisabelinas, véxanse Maryellen Bieder, “El escalpelo anatómico en mano femenina: The Realist Novel and the Woman Writer”, *Letras Peninsulares*, 5.2., Outono 1992, pp. 1-19; “Feminine Discourse/Feminist Discourse: Concepción Gimeno de Flaquer”, *Romance Quarterly* 37, 1990, pp. 459-477 e María del Carmen Simón Palmer, “Rosario de Acuña”, *Spanish Women Writers. A Bio-Bibliographical Source Book*, eds. Linda Gould Levine, Ellen Engelson Marson e Gloria Feiman Waldman, Westport, Connecticut: Greenwood Press, 1993, pp. 1-11.

²⁰ Para un exemplo transparente de coincidencia estética e ideolóxica entre as escritoras isabelinas e os intelectuais neocatólicos no seu rexeitamento da modernización cultural capitalista, véxase Cándido Nocedal, *Vida de Jovellanos, 1859*, Madrid: Imprenta y Estereotipia de M. Rivadeneyra, 1865, pp. 164-181 e María del Pilar Sinués de Marco, *El Ángel del Hogar*, Madrid: Imprenta y Estereotipia Española, 1859, p. 267.

²¹ Ángela Grassi, “Cartas familiares”, *La Educanda*, 8-X-1863 e “Carta a la señorita Javiera García Morales”, *El Álbum de las Familias*, 13-X-1865, *Antología de la prensa periódica isabelina...*, Sánchez Llama, op. cit. pp. 109-114 e 130-133.

²² Exemplos relevantes da secularizada conciencia feminista burguesa e postisabelina esbozada, non obstante, na obra periodística de Ángela Grassi, son: Concepción Arenal, *La mujer del porvenir*, 1869, ed. Vicente de Santiago Mulas, Madrid: Castalia, 1993 e Emilia Pardo Bazán, “La mujer española”, 1890, *La mujer española y otros escritos*, ed. Guadalupe Gómez-Ferrer, Madrid: Cátedra, 1999, pp. 83-116.

consignados por María del Carmen Simón Palmer no seu indispensábel manual bio-bibliográfico, *Escritoras españolas del Siglo XIX* (1991)²³, verifican a frecuente publicación da narrativa isabelina escrita por mulleres baixo o sistema da entrega periódica. ¿Perde a “xeración de 1843” estatus canónico por cultivar modelos folletinescos? Só interpretando a súa obra no complexo contexto isabelino poderemos entender unha realidade socio-literaria evidente para os seus contemporáneos: as escritoras neocatólicas gozaron de recoñecemento institucional non tanto por publicar libros en formato independente canto por textualizar na súa escrita as premisas estéticas do “canon isabelino”. A primeira novela de Fernán Caballero, *La Gaviota* (1849), publícase, de feito, por entregas no periódico madrileño *El Heraldo* (1842-1854) sen que ese factor a asocie, alomenos, ata 1868, coas características folletinescas da “literatura industrial” censurada na España postisabelina polas súas deficiencias estilísticas (v.gr. sentimentalismo idealista, ausencia de profundidade conceptual). Autora de novelas costumistas por entregas foi tamén Ángela Grassi a quen distingue a Real Academia Española en 1866 cunha mención honorífica por *Las riquezas del alma*.

70

O prestixio canónico da narrativa costumista acaso explica que as autoras isabelinas definan a súa obra como “novela de costumes” prescindindo de calquera apelación ao referente romántico ou doméstico. Oportuno parece entón reivindicar a orixe isabelina do realismo institucionalizado en España dende o último tercio do século XIX. Quen adoptan o “canon isabelino” na redacción de novelas costumistas incorporan idealismos de cuño neocatólico ou didactismos herdados do neoclasicismo. Ambos conceptos falsifican o referente social descrito e impiden alcanzar unha sensibilidade realista equiparábel á consagrada na Restauración pola “xeración de 1868”²⁴. É de xustiza observar, sen embargo, cómo o costumismo isabelino favorece tamén exercicios textuais que aspiran a superar sentimentalismos románticos en beneficio dunha verosimilitude próxima á prescrita por Aristóteles (384-322 a.C.) na súa *Arte poética* e explicitada, a xuízo de neocatólicos como Nocedal, na narrativa cervantina que a “xeración de 1843” pretende así mesmo emular²⁵. O contexto neocatólico

²³ Madrid: Castalia, 1991.

²⁴ Para unha xustificación metodolóxica deste concepto xeracional, véxase Juan Ignacio Ferreras, *La novela en el Siglo XIX (desde 1868)*, Madrid: Taurus, 1988, pp. 24-28.

²⁵ Para unha reedición recente do discurso académico de Cándido Nocedal, “De la novela” (1860), véxase Alda Blanco, *Escritoras virtuosas, op.cit.*, pp. 175-198.

vixente ata 1868 impide a verificación deste proxecto literario. A aspiración isabelina cara á verosimilitude aristotélica, en calquera dos casos, constitúe unha referencia estética fundamental para entender non só a xénese inmediate do “realismo” español postisabelino senón tamén o ritmo histórico da literatura española moderna durante o século XIX.

¿Cal debería ser o impacto no canon español decimonónico da nosa proposta referida á “xeración de 1843” e á “Alta Cultura” isabelina? Descartando prestixiar unha innecesaria e problemática suplantación da narrativa secular da “xeración de 1868” polos anacronismos neocatólicos do grupo xeracional anterior, consideramos, sen embargo, factíbel modificar a periodización da literatura española moderna mediante o concepto do “canon isabelino”. Maior efectividade metodolóxica encontramos na “imagen de la continuidad del ritmo histórico en las letras peninsulares modernas” que no “tropo de la ruptura de 1868” proposto por Alda Blanco. Admitir a existencia dunhas premisas artísticas, simultáneas na cronoloxía histórica ao reinado de Isabel II, explica o complexo proceso textual visíbel na consagración institucional do realismo, a xénese do cal, doutro xeito, só podería explicarse recorrendo a ficcións e ilusorios desvanecementos da sensibilidade romántica española. A normalidade histórica da produción cultural española no período decimonónico xustifica a nosa proposta. As notábeis carencias do neocatolicismo español non impiden que os seus máis conspicuos promotores textualicen significativas conciencias burguesas de crises e simultáneos propósitos (aristotélicos) que han de cristalizar no supostamente redescuberto realismo cervantino consagrado na Restauración.

71

Polo que respecta ás figuras e obras isabelinas merecedoras da súa incorporación ao “catálogo de textos” ofrecido ao estudante de literatura, parece oportuna a incorporación de artigos costumistas escritos polas autoras isabelinas na prensa periódica. Esa obra ensaística constitúe unha alternativa factíbel e lexítima, en termos estéticos, a textos similares de Serafín Estébanez Calderón (1799-1867), Ramón de Mesonero Romanos (1803-1882) ou Antonio Flores (1821-1865), utilizados, case de maneira mecánica, nos cursos panorámicos de literatura española moderna. Igual mérito literario apréciase no inxustamente marxinado teatro da escritora hispano-cubana, e sempre isabelina, Gertrudis Gómez de Avellaneda (1814-1873), de maneira especial, as súas traxedias bíblicas que no decenio de 1850 a consagran como prestixiosa

dramaturga²⁶. Tales obras constitúen un corpus literario o coñecemento do cal enriquecería a repetitiva tendencia do hispanismo a prestixiar na dramaturxia oitocentista figuras masculinas como o duque de Rivas (1791-1865), José Zorrilla (1817-1893), Manuel Tamayo y Baus (1829-1898) ou José Echegaray (1832-1916)²⁷. A nosa proposta non presenta a destrucción iconoclasta do canon romántico (?) producido durante o período isabelino. A obra lírica e prosística de Gustavo Adolfo Bécquer (1836-1870) ou a narrativa costumista de Fernán Caballero poderían ser revaluadas tomando en consideración as orixes estéticas e efectos socio-literarios do “canon isabelino”, un proxecto intelectual suficientemente flexíbel como para incluír variedade de xéneros literarios e integrar así mesmo a importante contribución das escritoras neocatólicas.

O influxo institucional do “canon isabelino” non debería implicar tampouco prescindir do estudio de proxectos literarios disidentes con respecto á hexemonía cultural neocatólica. A narrativa de oposición articulada polo liberal-progresista Wenceslao Ayguals de Izco (1801-1873) e outros escritores suistas adquire maior relevancia precisando o referente isabelino contra o que estes autores realizan a súa novelística²⁸. Así mesmo marxinais no reinado de Isabel II foron as obras de Rosalía de Castro (1837-1885). No caso da autora galega existen diversos atrancos institucionais nas que se entrecruza o seu xénero sexual, a posición periférica de Castro con respecto aos influíntes cenáculos isabelinos madrileños, os seus vínculos co minoritario Partido Progresista ou a práctica literaria dunha lingua —o galego— non recoñecida no contexto cultural isabelino. Intepretar a obra poética de Rosalía de Castro baixo as coordenadas estéticas do “canon isabelino” garantiría unha maior comprensión das estratexias textuais adoptadas pola autora galega para definirse como escritora nun contexto cultural hostil á súa produción literaria e reformular de maneira simultánea certas premisas neocatólicas (v.gr. menosprezo de corte e

²⁶ Para un estudio da canonización de Gómez de Avellaneda na España isabelina, véxase Iñigo Sánchez-Llama, “Baltasar” (1858), de Gertrudis Gómez de Avellaneda (1814-1873): análisis de una recepción institucional”, *Hispanófila*, 133, 2001, pp. 69-94.

²⁷ Para un valioso estudio do teatro decimonónico español no que se destaca a contribución das escritoras isabelinas, véxase David T. Gies, *El teatro en la España del Siglo XIX*, trad. Juan Manuel Seco, Cambridge e Nova York: Cambridge University Press, 1996, pp. 268-321.

²⁸ Para un estudio recente da narrativa suista en España, véxase Elisa Martí-López, *Borrowed Words. Translation, Imitation, and the Making of the Nineteenth-Century Novel in Spain*, Lewisburg, Pensilvania e Londres: Bucknell University Press, 2002.

gabanza de aldea) que na súa poética non presentan os perfís reaccionarios adscritos ao oficialismo isabelino²⁹.

A monografía de Alda Blanco ofrece suxestivas vías de interpretación para o coñecemento de producións culturais sometidas a inxustas caricaturas tendenciosas a partir de 1868. A súa obra ademais destaca o sexismo institucional visíbel na elaboración de certos xuízos estéticos non sempre desinteresados. Ser conscientes da súa existencia favorece análises máis precisas da literatura española moderna. As nosas reservas metodolóxicas descritas en parágrafos anteriores propoñen enriquecer a perspectiva de Blanco inserindo as autoras isabelinas nas circunstancias específicas do seu contexto cultural. Resaltar a canonicidade da “xeración de 1843” e definir a súa obra narrativa non tanto dende a “novela doméstica” canto potenciando o referente costumista ofrece así mesmo maior transparencia na sempre complexa análise do ritmo histórico visíbel nos movementos literarios españois esbozados entre os anos de 1843-1868. Consideramos tamén imperativo evitar o colapso da estética realista en futuras periodizacións do canon español decimonónico. Prescindir ou cuestionar en exceso os fundamentos desta imprescindíbel referencia cultural devalúa innecesariamente a achega quizais máis significativa e orixinal da nosa literatura nacional ás letras europeas do século XIX, unha empresa narrativa, polo demais, na que debe recoñecerse a contribución da “xeración de 1843”. Así mesmo relevante parécenos enfatizar a importancia do xénero sexual na forxa dos criterios estéticos isabelinos. As coordenadas históricas de 1843-1868, en principio, manifestan perfís sexistas nos que se marxina a muller española xurídica, social e economicamente³⁰. Os intereses ideolóxicos do patriarcado isabelino, de todos modos, promoven certo protagonismo feminino mediatizado na difusión da “Alta Cultura” neocatólica. Aí xérase un espacio discursivo que facilita non só a canonicidade da “xeración de 1843” senón

²⁹ Para unha análise da obra literaria de Rosalía de Castro no contexto oitocentista, véxanse Catherine Davies, *Spanish Women's Writing, 1849-1996*, Londres e Atlantic Highlands, Nova York: The Athlone Press, 1998, pp. 59-77; Marina Mayoral, *La poesía de Rosalía de Castro*, Madrid: Gredos, 1974; *Rosalía de Castro*, Fundación Juan March, Cátedra, 1986; *Rosalía de Castro y sus sombras*, Madrid: Fundación Universitaria Española, 1976 e John C. Wilcox, *Women Poets of Spain, 1860-1990 Toward a Gynocentric Vision*, Urbana-Champaign, Illinois e Chicago: The University of Illinois Press, 1997, pp. 43-83.

³⁰ Para unha análise precisa da marxinalidade xurídica da muller española no século XIX, véxase Cristina Enríquez de Salamanca, “La mujer en el discurso legal del liberalismo español”, *La mujer en los discursos de género*, eds. Catherine Jagoe, Alda Blanco e Cristina Enríquez de Salamanca, Barcelona: Icaria, 1998, pp. 219-303.

tamén o desenvolvemento intelectual de premisas socio-estéticas que alcanzan a súa madureza institucional en España a partir de 1868.

A monografía de Alda Blanco inclúe estimulantes propostas para interpretar unha manifestación cultural valiosa nas letras españolas oitocentistas. A nosa matización historicista de certas afirmacións contidas en *Escritoras virtuosas* facilita entender en maior profundidade as ocasionalmente contradictorias conxunturas que fan viábel o prestixio das escritoras neocatólicas en España dende 1843 ata a Revolución de 1868. Os vínculos deste grupo xeracional co postisabelino realismo explican igualmente estratexias textuais de gran valor estético non tanto pola importante dignificación da autoría intelectual feminina no contexto español decimonónico canto por constituír así mesmo inequívocos exemplos narrativos dos vínculos hispánicos co ritmo histórico europeo do século XIX. Prestixiar o realismo no ámbito europeo da modernidade secularizadora e establecer unhas pautas de maior precisión contextual na análise da literatura isabelina escrita por mulleres, en definitiva, permitirá ao estudioso desta importante produción cultural enriquecer a valiosa perspectiva feminista desenvolvida por Alda Blanco en *Escritoras virtuosas*.